



Antonio Rial Boubeta é doutor en Psicoloxía Social e profesor da Universidade de Santiago de Compostela. Autor de mais de 150 artigos en revistas científicas de impacto internacional e director de 21 teses de doutoramento, foi responsable de numerosos proxectos de investigación do eido da mocidade e as adiccións, dende o Uso problemático de Internet, as redes sociais o *ciberbullying*, ao consumo de alcohol e sustancias. É membro do *Alto Comisionado da UNESCO para a loita contra o acoso escolar e o ciberacoso* a nivel mundial. Dirixiu o [*Estudio sobre el impacto de la Tecnología en la adolescencia*](#), levado a cabo por UNICEF-España cunha mostra de máis de 50.000 estudantes de secundaria, que é a día de hoxe un dos traballos científicos de maior envergadura feitos en Europa sobre o tema. Dirixiu

tamén o estudo [*Adolescencia, Tecnoloxía, Saúde e Convivencia*](#), da man da Fundación Barrié, na que participaron 10.000 adolescentes galegos. Ten publicado os seus traballos nalgunhas das mellores revistas internacionais do eido da adolescencia, a saúde mental e as adiccións, como *Psychiatry Research*, *Addictive Behaviors*, *Journal of Gambling Studies*, *Computers in Human Behavior* ou *Cyberpsychology*. Colabora dende fai anos con centros de investigación de referencia internacional, como o *Center for Adolescent Behavioral Health Research* (da Universidade de Harvard), o *Cognitive and Affective Regulation Laboratory* (da Universidad de Lausanne) ou o *DCU Anti-Bullying Centre* (de Irlanda). É tamén colaborador habitual de diferentes medios de comunicación, tanto prensa, como radio e TV. En 2022 foi galardoado coa *Nécora de Ouro* pola Fundación Galega contra o Narcotráfico, polo seu labor na prevención das adiccións na mocidade, e en 2023 co *Premio Iacobus da Educación*, ano no que tamén foi distinguido como *Colexiado do Ano* polo Colexio Oficial da Psicoloxía de Galicia. Forma parte do Comité de Expertos creado polo Ministerio de Infancia e Xuventude, para a protección dos menores na contorna dixital.